

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

**CENTRO: CEIP FONTES BAIÑA**

**CURSO: INFANTIL**

**MATERIA:**

**DEPARTAMENTO:**

**DATA: 8/05/2020**

Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Criterio de avaliación

Nomea as partes do corpo sobre si mesmo e sobre outras persoas.

Esforzase na realización de tarefas.

Identifica as propiedades dos obxectos empregando os sentidos.

Ordena as accións máis relevantes do día

Usa frases de construción sinxela.

Realiza un esbozo da figura humana

Identifica diversos estados de ánimo e emocións

Participa nas actividades que se lle propoñen

A observación e experimentación lévao a atopar as respostas axeitadas.

Recoñece as figuras xeométricas e asocia aos elementos do entorno.

Asocia algún número ás cantidades que representa.

Escoita con atención a lectura de textos literarios: contos, cancións...

Comparte cos seus compañeiros as diferentes actividades propostas, as sensacións e emocións que lle producen...

Realiza as actividades dixitais que se lle propoñen

Traduce o que observou en linguaxe verbal

Reproduce as grafías tendo en conta o proceso de adquisición da lingua na cal que atopa.

Participa con interese en actividades de expresión plástica.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

### **Avaliación**

Procedementos e instrumentos: A avaliación durante este terceiro trimestre será unha avaliación global e continua, partindo dos coñecementos adquiridos durante os dous primeiros trimestres. A observación dos traballos realizados e achegados polas familias estarán presentes durante este tempo... Os instrumentos de avaliación destacados son vídeos e fotos das actividades propostas; realización de experimentos, receitas, actividades dixitais, producións plásticas, actividades grafomotrices, propostas.....

Tamén despois dunhas semanas do comezo do terceiro trimestre se lles pasou ás familias unha enquisa feita por nos para coñecer o grado de satisfacción da organización, actividades, recursos empregados, e calquera tipo de mellora...

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades propostas durante este trimestre serán actividades relacionadas cos contidos xa traballados, co proxecto anual levado a cabo e coa realización de propostas de lóxico matemática, linguaxe, coñecemento de si mesmo, coordinación óculo-manual, expresión plásticas...</p> <p>A maiores destas actividades levo a cabo outras actividades adaptadas ao alumno con TEA, a través de pictogramas ou axeitadas ao seu desenvolvemento.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Cabe salientar que todos os alumnos e alumnas de infantil teñen acceso a internet e unha boa conexión... destacando que algúns deles non teñen acceso a impresión pero dende o colexio en colaboración co concello se lle facilita esta tarefa.</p> <p>Todos os días colganse as propostas no grupo de mensaxería instantánea consensuado coas familias ao principio de todo, e tamén no grupo de 5º e 6º de infantil, algunha desta tarefa no blogue Dulce locos na páxina web do centro. O alumnado accede a eles e realizaas.. unha vez feitas mandan fotos ou vídeos onde as mestras podemos mirar como o fan e onde explican se necesitaron moita axuda ou o fixeron sos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Todas as propostas son levadas a cabo a través de vídeos onde explicamos o que teñen que facer e deixando en interrogante a solución para motivalos e buscar ese punto de curiosidade por saber o que pasa.</p> <p>En canto aos materiais utilizados ademais do ordenador ou tablet para as actividades dixitais... procuramos utilizar materiais de refugallo ou materiais que teñan pola casa.</p> <p>As propostas son lúdicas e manipulables a maioría delas polo que son moi motivadoras para o alumnado.</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Para achegar a información ás familias por consenso con elas decidimos que o máis cómodo para todos era a mensaxería instantánea... Aínda que tamén utilizamos a aplicación Abalar móbil ou a páxina web.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>